

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A AGENCIA ESTATAL CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS, M.P. PARA A ANÁLISE DOS DATOS RECOLLIDOS POLA UNIDADE TÉCNICA DE PESCA DE BAIXURA NO PROGRAMA DE MONITOREO DA FLOTA DE BAIXURA E A FORMACIÓN DOS TÉCNICOS DESTA UNIDADE NAS TÉCNICAS EMPREGADAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar formalizou coa Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue: dende o día seguinte ao rexistro do convenio asinado por todas as partes no REOICO ata o 30 de novembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer os termos e condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e o CSIC, a través do Instituto de Investigacións Mariñas, para realizar actividades conxuntas de análise dos datos recollidos pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura no programa de vixilancia da flota de baixura e a formación de técnicos desta unidade nas técnicas empregadas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

- Por Orde do 27 de xuño de 2022 créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira de Galicia. A citada Rede conta cunha dotación orzamentaria de 2.500.000 € para os anos 2022 e 2023, financiadas nun 75% polo Fondo Europeo do Mar e da Pesca para a realización das actuacións recollidas no artigo 28 do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, referido ás asociacións entre o sector da investigación e o sector pesqueiro: *“creación destas redes ou asociacións, como ás actividades realizadas no marco delas, podendo comprender a recompilación de datos e actividades de xestión, estudos, proxectos piloto, difusión de coñecementos e resultados de investigacións, seminarios e mellores prácticas, así mesmo a accións dirixidas á creación de redes, acordos de asociación ou asociacións entre un ou varios organismos científicos independentes e o sector pesqueiro, en que poden participar organismos técnicos”*.

- Na xuntanza ordinaria da Rede celebrada o 10 de outubro de 2022, esta, valorou positivamente a realización dun Convenio entre la Xunta de Galicia a través da Consellería do Mar e o CSIC coa finalidade de formar e analizar os datos obtidos polos observadores do Servizo de Planificación da Dirección Xeral de Desenvolvemento pesqueiro, para contar con datos de calidade que poidan ser utilizados por todos os integrantes da Rede.
- A Consellería do Mar e o Consello Superior de Investigación Científica consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan o análise dos datos recollidos pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura (UTPB), da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, no programa de monitoreo da frota de baixura co el fin de proporcionar unha avaliación do estado dos recursos pesqueiros obxecto de explotación pola flota artesanal galega. O equipo científico do departamento de Ecología y Recursos Marinos (ERM) do Instituto de Investigaciones Marinas (IIM-CSIC) realizará un informe anual onde se presentarán os resultados do análise dos datos



rexistrados pola UTPB dende 1999 ata o año inmediatamente anterior á emisión del informe (ambos inclusive).

- A información derivada destes análises proporcionará unha avaliación do estado actual e evolución dos recursos e actividade pesqueira que proporcionará á Consellería do Mar e resto de integrantes da Rede o coñecemento necesario para mellorar a súa xestión e asegurar a sustentabilidade da pesca artesanal en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

